



**ACORDO DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E
ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE
APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**

En Ortigueira a de setembro de 2016

REUNIDOS

Don, José Miguel Alonso Pumar, Alcalde do Concello de Cariño

Don Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde do Concello de Cedeira

Don, Benigno Galego Castro, Alcalde do Concello de Cerdido

Don Alfonso Balseiro Gómez, Alcalde do Concello de Mañón

Don Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde do Concello de Ortigueira.

Comparecen en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:



EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños/as. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o 4 actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA** as actuacións públicas.



A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- A Resolución do 1 de setembro de 2016 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, permite a solicitude de forma individual ou compartida das devanditas subvencións, entre as que se encontra a destinada ao CIM.

Sexto.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN a SOLICITUDE CONXUNTA DA SUBVENCIÓN** destinada aos **Centros de Información á Muller** contida na Resolución do 1 de setembro de 2016 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, e pola que se procede a súa convocatoria para o ano 2016.



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O CIM

O Concello de Ortigueira ten recoñecido e acreditado un Centro de Información á Muller (CIM) dende o 31 de xaneiro de 2005 cuías funcións son entre outras segundo o Decreto 182/2004 de 22 de xullo, polo que se regulan os CIMs, as seguintes:

1. Información e asesoramento xurídico.
2. Atención psicolóxica.
3. Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.
4. Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.
5. Funcionamento como canle de comunicación entre as usuarias e os distintos organismos que tiveran competencias en materia de muller.
6. Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades e, en especial, difundindo as actividades e servizos desenvolvimos pola Secrearía Xeral de Igualdade.
7. Realización de conferencias, encontros, xornadas, cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade.
8. Atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición, facilitando ou informando sobre o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que fosen oportunos.
9. Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de sexo no ámbito da publicidade e os medios de comunicación e traslado destas ao órgano competente.
10. Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres na sociedade civil.
11. Calquera outra actividade que se adecue ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade.



SEGUNDA. – AGRUPACIÓN

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira agrúpanse para a solicitude da subvención do CIM convocada pola Resolución do 1 de setembro de 2016 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, publicada no DOG do día 05/09/2016 co fin de realizar actividades de información, de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, entre outras, sen que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da lei 5/1997.

TERCEIRA.- REPRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN

Nomean a Juan Vicente Penabad Muras, alcalde do concello de Ortigueira para a representación única, tanto na coordinación como na interlocución, ante a Secretaría Xeral da Igualdade, e será este concello quen reciba e xustifique íntegramente a totalidade da subvención.

CUARTA.- EXECUCIÓN

O concello de Ortigueira como representante executará a actuación e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido e Mañón prestarán colaboración técnica e administrativa e difundirán a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

QUINTA.- XESTIÓN

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Ortigueira e incluírá todo o relacionado cos aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).



O persoal do CIM do concello de Ortigueira, asesora xurídica e psicóloga, realizarán actividades de información, asesoramento, orientación e mellora da empregabilidade e formativas dirixida **a todas as persoas usuarias dos concellos agrupados**. O persoal dependerá exclusivamente do concello de Ortigueira, sen que os concellos agrupados teñan ningunha vinculación legal co persoal do CIM.

Esta actividade desenvolverase dende a sede do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira, situado actualmente no Centro Social, Alameda s/n da localidade de Ortigueira.

SEXTA.- REMISIÓN DE CONTAS.

Todos os concellos presentaron a remisión das contas do exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia, para poder solicitar a subvención.


SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

Os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira cumpren os requisitos e condicións establecidos na Resolución do 8 de outubro de 2015 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade e cumpren cós requisitos e subvencións establecidos na normativa xeral de subvencións do artigo 8.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

OCTAVA.- PRINCIPIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos vecinos e veciñas a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.



- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa .
- Valorizar os recursos disponibles.

NOVENA.- RECOÑECEMENTOS EXPRESOS DOS CONCELLOS AGRUPADOS

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira:

1. Cumpren todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e polo tanto non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición ás que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Non están incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non está incursos en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Están ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
6. Están de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo (art. 20.7 e 23 da convocatoria).
7. Teñen cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.



8. concello de Ortigueira ten cumprido o requisito de remisión da memoria de funcionamento anual do CIM correspondente ao ano 2015 ante a Secretaría Xeral da Igualdade.
9. Coñecen que as axudas solicitadas ao abeiro deste programa están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80 %.
10. Coñecen as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 21 da convocatoria.
11. Comprométense a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
12. Os concellos de Ortigueira, Cedeira e Cerdido contan con concellería de igualdade.
13. Asumen o compromiso de colaboración e coordinación e traballo en rede a través da aplicación informática CIM desenvolvida pola S.X.

DÉCIMA .-COMISIÓN MIXTA DE COORDINACIÓN

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constitúírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos/as dos mesmos.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do Programa.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.



UNDÉCIMA.- VIXENCIA

Que o concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira asumen o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas estas axudas polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

DUODÉCIMA – NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMO CUARTA – XURISDICCION COMPETENTE

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.



En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, catro exemplares para un só efecto, no lugar e data que se sinala no encabezamento.

Asdo: D. José Miguel Alonso Pumar

Alcalde de Cariño

Asdo: D. Pablo Diego Moreda Gil

Alcalde de Cedeira

Asdo: D. Benigno Galego Castro

Alcalde de Cerdido

Asdo: D. Alfonso Balseiro Gómez

Alcalde de Mañón

Asdo: D. Juan Vicente Penabad Muras

Alcalde de Ortigueira